

**INFORME SOBRE A MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

A Memoria de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia para o curso 2014-2015 recíbese na ÁREA de Calidade e Mellora dos Procedementos o día 14 de xaneiro de 2016.

**CONSIDERACIÓNIS LEGAIS E TÉCNICAS:**

De acordo co proceso medición, análise e mellora (código PM-01) do Sistema Marco de Garantía da Calidade da Universidade de Santiago de Compostela a análise do funcionamento de cada un dos títulos e do SGIC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro na que se debe conter:

1. O Informe de revisión do SGIC do centro.
2. O Plan de melloras e proposta de revisión/actualización da Planificación Plurianual .
3. Os informes de seguimento dos títulos que se imparten no centro.

**INFORME:**

Unha vez revisada a Memoria de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia do curso 2014/2015, verícase a súa coherencia coa filosofía do Sistema de Garantía de Calidade e que leva a cabo unha análise do funcionamento do Centro así como do SGIC de xeito global, adaptándose ás directrices do Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade da USC.

O estudo e análise da implantación do SGIC do Centro, dos principais indicadores do SGIC e das accións de mellora tendo en conta os informes de seguimento realizaase de acordo co Sistema Marco de Garantía de Calidade da USC.

A Memoria de Calidade da Facultade inclúe o seguimento das accións de mellora para o curso 2014-2015 e o plan de melloras para o curso 2015- 2016 derivadas dos seus informes de seguimento.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

A xefa da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

Pilar Martínez García